



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

COMUNICACIONES DE LAS COMUNIDADES GALLEGAS A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

1º Centro Galego de Castelló o Aturuxo

2º Centro Gallego de Salamanca

3º Comunidades Galegas de Argentina e Chile

4º Xuntanza de Asociacións Galegas en Cataluña: Agarimos de Badalona, Asoc. Amigos de San Froilán, Rosalía de Castro de Cornellá e Casa Galega de L'Hospitalet

1. CENTRO GALEGO DE CASTELLÓ O ATURUXO

Ante os novos retos que a sociedade do século XXI ven demandando, as entidades Galegas atópanse, moitas delas, en precariedade ou sinxelamente obsoletas, ancoradas en pasados vividos, que nada teñen co que as novas xeracións ou a sociedade actual require.

As novas tecnoloxías, parte xa indisoluble na vida cotián das persoas, require de retos e adaptacións, non solo das xentes, senón, coma non, das asociacións.

Mais tamén, esas ferramentas, que nos fan tan doada o día a día, pódense converter, na causa de desvinculación das persoas, e mais se cabe, das novas xeracións, onde o seu espazo vital e de lecer, vese reducido dentro duns centímetros cadrados dunha sinxela pantalla de móbil ou ordenador. Difícil ou case imposible, loitar contra esa tecnoloxía, que fai que amistades, familias, actividades, e un sen fin, estean o alcance dun clic, sen ter que desprazarse ou saír da casa, fan que as inquedanzas se convertesen en virtuais, se a iso temos que sumarlle a inanición e enquistamento de moitas entidades, tanto no desenvolvemento de actividades coma de actitudes persoais, fan dela o



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

aloxamento non solo dos mozos, senón tamén, do colectivo de novos emigrantes.

O problema e renovación xeracional, non podemos achacalo a diminución da chegada de galegos, senón tamén, a unha falta de atractivo das institucións existentes, facendo que moitos deses mozos se constitúan en asociacións, xa físicas ou virtuais que enchen o seu espazo de inquedanzas. Os novos emigrantes galegos que chegan os países europeos e España, maioritariamente, pertencen a xeración máis preparada, cultural e profesionalmente, un factor humano que podía posibilitar unha nova xeira as entidades, coa súa incorporación e aportación persoal, a cal non podemos deixar pasar, nin esquecer.

Non podemos facer una estratexia de emigración baseada en medidas e un orzamento millonario, se non somos antes capaces de escoitar as inquedanzas deses novos emigrantes, sen realizar enquisas nas universidades ou centros ocupacionais que nos reflexen a realidade e coñecemento do que demandan das colectividades do exterior, e se antes non aprenderon a coñecer e avaliar a emigración galega, a súa aportación a Galicia Territorial e os valores democráticos actuais. Sería tamén doado que a Comisión Delegada, órgano representativo da colectividade, que nas súas xuntanzas anuais, recadase información e inquedanzas dos representados para ser expostos e tratados.

FUNCIONAMENTO INTERNO DAS ENTIDADES GALEGAS.

Se comézámos, que a maioría dos directivos que forman as Xuntas das asociacións, o fan con carácter altruísta, e moitas, maioritariamente, sen coñecemento, de xestión de entidades, non podemos esixir una xestión adecuada na realización de programas ou proxectos, facendo que a maioría, se deixe levar do carro dos antecesores no seu posto, a falta de coñecemento de actividades realizadas en outras entidades, que puidesen ser exportadas a



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

propia, sería un vehículo importante para que moitas delas puidesen anovarse. O asesoramento e consello de órganos coma a Dirección de Xuventude, Muller ou a Consellería de Cultura, na realización de programas que dinamicen, as entidades sería moi doado, non podemos deixar que sexa solo a inventiva das Directivas, sen unha directriz, a que desenvolva un programa de actividades, baseado en coñecementos propios, e sen asesoramento axeitado. Sería importante, que nos programas de escolas abertas ou similares, inclúsen o de asesoramento e dinamización para directivos, sen límite de idade, baseados na realidade actual das directivas. Se falamos de Fusión de entidades, feito solo aplicable as grandes zonas de emigración, deixa os pes dos cabalos as entidades que loitan solas, con poucos recursos e socios, e que resollen as súas dúbidas, grazas a xenerosidade e profesionalidade dos funcionarios da SXE. Non podemos enchernos con estadísticas para a paridade nos órganos directivos ou inclusión de mozos, se antes non somos capaces de modernizar as entidades, dispoñendo de programas atractivos para eses colectivos, a tecla sería, coma indicamos anteriormente, coñecer as súas demandas e inquedanzas.

RELACIÓN COA GALICIA TERRITORIAL

Inda que coma se sinala, as entidades mantemos un forte vínculo coa Galicia territorial, entendemos que moitas da veces son as institucións as que se afastan de nós, propostas ou suxerencias quedan no sono eterno, ou sinxelamente nin contestan, cando te dirixes a algunhas, vennos como se estivemos pedindo esmola, solo pequenas empresas, con intereses comerciais propios e moi singulares achéganse a nós. As Deputacións, que deberían ser chaves para a difusión cultural e turística, están case inexistentes, asociacións de empresarios ou artesáns, realizan actividades sen antes contactar coa entidade ou asociación galega local, para a procura de asesoramento ou contactos empresariais, o que leva a moitas delas o fracaso, debe ser contaxioso, pois as propias administracións erran do mesmo pe.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas

Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

Non se nos pode encher a boca coma embaixadores de Galicia, e despois esquecerse da súa existencia. Non se pode facer una promoción turística, cultural ou empresarial sen contar coa colaboración das comunidades do exterior, porque ademais do asesoramento, elo contribúe nunha redución dos custos promocionais, xestións ante as administracións locais, aloxamentos, espazos expositivos, etc. Ademais de contribuír a poñer en valor as nosas asociacións i entidades, coma espazos relevantes e dinamizadores da nosa cultura, nos lugares de acollida, ante os entes públicos i empresariais locais.

2. CENTRO GALLEGO DE SALAMANCA

COMUNICACIÓN A LA PONENCIA “GALLEGUIDAD, LAS ENTIDADES GALLEGAS EN EL EXTERIOR EN EL SIGLO XXI”, QUE PRESENTA EL CENTRO GALLEGO DE SALAMANCA

La ponencia relata una serie de hechos que nos ponen ante la realidad de nuestras Instituciones y nos aporta algunas posibles soluciones que podrían, sino revertir la situación, si al menos paliarla y mirar al futuro con más optimismo.

La posibilidad de poder presentar una Comunicación a la ponencia nos da la oportunidad de plantear las siguientes cuestiones que pasamos a relatar.

Se señala en la ponencia la preocupación por el número de Instituciones que en España obtienen el reconocimiento de “Comunidades gallegas” en relación con las más de 60 entidades que están inscritas en el Registro de la Galleguidad. El dato tiene su parte positiva en el gran número de instituciones que cumplen con los requisitos que señala la Ley7/2013 de Galleguidad, no hay autonomía que no tenga, al menos una institución gallega y por el contrario, son muchas las que no alcanzan, lo que podríamos llamar, “la primera categoría”.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

Las Entidades pequeñas que realizan actividades de exaltación de la cultura, las tradiciones y las costumbres del pueblo gallego, tiene un enorme mérito por lograr mantenerse activas, con las dificultades que hoy en día supone mantener una sociedad, y ser un foco de galleguidad allí donde residen. Por ello merecen toda nuestra solidaridad y todo nuestro reconocimiento.

Esto nos plantea que, quizá, fuese necesaria una modificación parcial del Decreto 66/2014, de 23 de mayo, por el que se regula el reconocimiento y revocación de la condición de comunidad gallega y de centro colaborador de la galleguidad, el Registro de la Galleguidad y su funcionamiento. Concretamente en sus Artículos II y III del Título primero, en lo relativo al número de socios de las Entidades y de los porcentajes de nº de socios gallegos exigidos a las mismas para obtener esa categoría.

Nos dirán que lo importante es que se cumplan los requisitos que exige la normativa, independientemente de la categoría en la que se les encuadre, pero utilizando un símil deportivo, todos querríamos jugar en primera división, y por eso la Ley y el Decreto levantaron ampollas en muchas de nuestras Entidades.

Centrándonos en España, si se modificara el decreto, también solicitaríamos que, para el reconocimiento de las Federaciones, se considerase el porcentaje de instituciones por Autonomía y se rebaje el número mínimo exigido de las mismas. Las Federaciones son una forma de compartir actividades y una alternativa, edulcorada, a las fusiones, que en España son casi imposibles, excepto en Barcelona y quizá en el País Vasco, por razones geográficas.

La segunda cuestión que queremos señalar de la ponencia es lo relativo al último apartado de la página 11. No entendemos que significan los términos de “socios activos” y de “simpatizantes no activos”. Ni tampoco la necesidad de ese censo. Los socios pueden ser de origen gallego o no gallego es decir “simpatizantes” y tanto unos como los otros deben de figurar en la relación que de los mismos se envía al Registro en las solicitudes de reconocimiento de la Entidad y que periódicamente hay que actualizar, y ahí ya tenemos el censo.



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

Por cierto estos socios simpatizantes realizan una labor muy importante en nuestras Entidades, pues no solo ayudan con sus cuotas al mantenimiento de las misma sino que, aparte de que la ley les otorgue los mismos derechos que a los socios de origen gallegos, en muchas casos son más colaboradores que muchos de los propios socios gallegos, están presentes en nuestros órganos de gobierno y con su presencia dan realce a nuestras actividades. De algún modo deberían tener un reconocimiento a parte del que les ofrece la propia Entidad.

Si el término “simpatizantes no activos” se refiera a aquellas personas que sin ser socios de la entidad asisten a nuestros actos, al ser abiertos al público en general, el realizar un censo de los mismos sería prácticamente imposible.

Salamanca a 29 de octubre de 2019

3º COMUNIDADES GALEGAS DE ARGENTINA E CHILE

PONENCIA GALLEGUIDAD

Analizada la ponencia encontramos que:

Lo expresado en ella resulta correcto, claro y consistente, pero que en ningún momento se refiere a la dirigencia actual “generación bisagra” que resulta un verdadero punto de inflexión entre nuestros mayores y nuestros jóvenes. Entendemos que existen axudas de la Xunta en las que debería incluírselas, considerando su dedicación y capacidad de trabajo; y hay otras en las que no pueden estar ausentes. Por ejemplo, aquellas que impliquen la capacitación de dirigentes.

Avalamos la capacitación en las TICS y sugerimos que la misma se realice con profesores residentes en el país de acogida, sería un modo de abaratar gastos



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

para la Xunta y de incentivar a aquellos que se encuentren capacitados para realizarla.

La labor que realizamos forma parte de nuestra vida, la mayoría de nosotros no la entendería fuera de la colectividad. Es una labor que nos honra, pero conlleva tiempo, que no nos sobra y responsabilidad. A veces sentimos que el esfuerzo no se comprende porque la exigencia resulta cada vez mayor.

Con respecto al punto 7, bajo el título-Medidas que se destacan: "...Crear nuevas herramientas para intensificar la defensa de nuestro patrimonio cultural fuera de nuestras fronteras. Se creará un centro de referencia para la emigración y se ejecutará el Plan Director para la Protección del Patrimonio de las Comunidades Gallegas del exterior..." nos gustaría tuvieran a bien explayarse más-

4. XUNTANZA DE ASOCIACIÓNS GALEGAS EN CATALUÑA: AGARIMOS DE BADALONA, ASOC. AMIGOS DE SAN FROILÁN, ROSALÍA DE CASTRO DE CORNELLÁ E CASA GALEGA DE L'HOSPITALET

As entidades galegas en Europa xa non teñen, agás algunha puntual excepción, un cometido asistencial, solidario ou de socorro. Vivimos nun espacio que ten moi desenvolvidas as garantías sociais e sociosanitarias, polo que as accións a realizar nestas comunidades redúcese aos ámbitos socioculturais e lúdicos (afortunadamente ata o de agora, nesta segunda metade do século pasado e na actualidade). É por iso que o asociacionismo conta con eses tres hándicaps que cita con propiedade o relatorio marco: retorno ou deceso, baixa participación da mocidade e as mulleres, escasa taxa de reposición por nova emigración. A xeito de valoración, dúas das tres causas poden ser consideradas como positivas ou, cando menos, naturais: excepto por causa de morte, o retorno e a baixa taxa de novos emigrantes podemos consideralos un éxito da realidade social e política da nosa Terra. Deixar de emigrar coincide co desenvolvemento económico e social de Galicia, do



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

mesmo xeito que o retorno de galegos emigrados é, ademais, un éxito das políticas activas de emprego para os retornados máis novos, e das novas infraestructuras e servicios médicos e asistenciais que Galicia ten na actualidade á hora de recibir á nosa xente maior, que botou toda a súa vida no exterior.

O fracaso está en non pode ofrecer a outros/as galegos/as das nosas comunidades novos incentivos para ser socios/as das nosas entidades, aínda máis se son novos e pouco animados a formar parte dos nosos colectivos ou galegos/as nada comprometidos coas nosas sociedades por cuestións relativas á política, ao escaso atractivo dalgunhas das nosas entidades e/ou actividades, ás limitacións sociais ou culturais destas mesmas,...

A ponencia marco recolle varias novas posibilidades de atracción: Tarxeta Galicia Saúde, Centros de Día ou de Maiores, Programas para a Mocidade en contacto coa Terra, Tarxeta Xuventude, Novas Tecnoloxías, Protección do Patrimonio, Exportacións e Emprendedoría, Formación e Recursos... Certamente son moi interesantes algunhas destas propostas en función da tipoloxía e do país das entidades. O que é ben certo que estamos, trinta anos despois, repetido os mesmos modelos e estruturas daqueles tempos, sen mudar accións, propostas e obxectivos. Como embaixadas de Galicia polo mundo temos e debemos esixirnos un compromiso de excelencia nesa representación da Terra. Os nosos centros, espazos, bares, restaurantes,... deixan moito que desexar nese senso: necesitamos modernizarnos, deixar os suburbios e pasar a ser un céntrico espazo cultural e social en cada unha das cidades, barrios ou vilas alí onde se atopan as nosas comubnidades. Posiblemente os recursos, as posibilidades económicas e o número de socios en moitos dos casos non dá para moita marxe de mellora. E aí onde as institucións públicas deberían realizar un plan de investimentos coherente e eficiente, co único obxectivo de ter en cada recuncho do planeta un lugar de referencia, aberto á sociedade, con infraestructuras modernas, dignas de



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

representarnos e cos servicios necesarios para os nosos colectivos, creados e desenvolvidos para atraer a todos os membros da nosa colectividade. É non é cuestión de aumentar recursos, ou pedir máis esforzo ás institucións públicas. Trátase de conxugar a iniciativa privada coa pública, de ser eficientes e rigorosos con cada subvección concedida e aplicada a ese obxectivo: son moitos os orzamentos que a SXE inviste en alugueres, dotacións de equipamentos, infraestructuras e obras, moitísimos cartos que quizáis non se empregan con tanto rigor ou coa coherencia que merece una contía tan importante dos impostos de todos os galegos. Con este comentario quero emprazarnos a todos a un debate que contribúa a reformular os investimentos en obras, as partidas destiñadas a infraestructuras e equipamentos, posibilitando novos estudos e análises das entidades máis degradadas e menos representativas, razón pola que, malia os investimentos destinados, non recuperan ese espacio que un día seguro tiveron e sobreviven nunha crise perpétua que non terá outra fin que a degradación constante ou sistemática. Rehabilitacións e investimentos realizados directamente por equipos de expertos sufragados polas institucións públicas e sometidos a control e auditorías propias farían moito ben a ter en todas as cidades do mundo onde hai un núcleo importante de galegos e galegas, un lugar de referencia con actividades e servicios de referencia, optimizando cada unha das subveccións.

Cando se fala de Reforzar as axudas ás comunidades galegas é imprescindible revocar ou reformular o concepto de Concurrencia Competitiva. Non se trata pois de poñernos a competir uns cos outros en mellores ou peores proxectos, máis ou menos asistentes ou maiores ou menores recursos para facelos posibles. O criterio para aprobar subveccións ou seleccionar proxectos subvencionables teñen máis a ver coa oportunidade, necesidade, capacidade de desenvolvemento, repercusión mediática e mobilización da sociedade, pero sen competencias entre entidades. Do mesmo xeito que se promoven fusións de entidades, deberían premiarse actos conxuntos, non repetidos, esforzos compartidos, unidade de acción entre diferentes colectivos. Os exemplos son



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

moitos e moi significativos, non se trata de poñer o dedo na nafra, trátase de comezar a aplicar novos criterios máis xustos ou criterios que prioricen a eficiencia, representatividade, calidade e cantidade, estratexia, excelencia, novidade e modernidade, innovación e creatividade,...

É imprescindible implicar e sumar nestes consellos aos representantes das Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior. O financiamento das nosas entidades debe ser un híbrido público e privado, é por iso que esa unidade de acción e de realización de proxectos debe tamén implicar ao sector privado, aos colectivos de empresarios, que tamén reciben importantes subvencións, que tamén deben xustificarse con ese apoio institucional e económico coas nosas entidades.

Hai xa máis de 50 anos que aquela Federación Mundial de Sociedades Galegas liderou as primeiras xuntanzas de entidades co obxectivo de tratar conxuntamente a nosa problemática como entidades no exterior. Hai máis de 3 anos, no Consello da Galeguidade realizado na Habana, anunciei a posibilidade de crear un Consello Non Oficial de Entidades do Mundo que coide destes nosos intereses á marxe de gobernos e institucións públicas, un organismo paralelo e independente, na procura de preparar e debater ponencias, realizar encontros e debates, comprometer a axentes sociais e políticos a revisar estas propostas que nacen baixo esta nova estrutura. E non nace por desconfianza nos gobernos pasados e actuais, sempre respectuosos e interesados na nosa realidade e necesidades, máis ben ocupados e preocupados polos posibles cambios de goberno que intenten desmontar ou deslexitimar a nosa existencia, tantas veces denostada por forzas políticas que nos asimilan a Fraga e que, en non poucas ocasións, ameazaron coa nosa desaparición o día que chegasen ao poder. Se somos embaixadas de Galicia, e a emigración galega representa o 20% de Galicia en termos de poboación e de aportacións á economía de Galicia, a ben seguro que protexernos como colectivo é unha obriga e unha responsabilidade que debe ser enxergada non



XII Pleno do Consello de Comunidades Galegas
Santiago de Compostela, 3 e 4 de decembro de 2019

COMUNICACIÓNS AO RELATORIO DE GALEGUIDADE

COMUNICACIONES A LA PONENCIA DE GALLEGUIDAD

tardando moito, dadas as incertezas da política e a inestabilidade crecente á que están sometidas as nosas institucións.

Comecemos o debate!

Xuntanza de Catalunya